

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE VIVENDAS TURÍSTICAS DE GALICIA (AVITURGA) PARA O PROXECTO INTEGRAL PARA REGULAR, PROFESIONALIZAR E PROMOCIONAR AS VIVENDAS DE USO TURISTICO

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), modificado polo Decreto 16/2025, de 10 de marzo (DOG núm. 51, do 14 de marzo), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, Dona María Dulcinea Aguiñ Pombo actuando en nome e representación da **Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA)**, CIF G94140886, en calidade de presidenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que AVITURGA é unha asociación sen ánimo de lucro representativa da figura aloxativa da vivenda de uso turístico en Galicia, que representa aos propietarios de máis de 26.000 vivendas de uso turístico, das cales o 87% son particulares que xestionan unicamente unha propiedade, a diferenza co resto de comunidades autónomas.

**Terceiro.-** As vivendas de uso turístico facilitan a desestacionalización da oferta turística posto que están dispoñibles nas plataformas de internet os 365 días do ano, facilitando a estancia dos potenciais turistas tando en temporada alta como en baixa. Esta actividade turística é un importante axente redistribuidor da riqueza xa que o gasto do turista queda íntegro na economía local onde éstas se ubican, e complementa a economía familiar do seu propietario.

Nestas reflexións fundaméntase este proxecto integral de promoción das Vivendas de Uso Turístico en Galicia, que aposta pola profesionalización continua dos propietarios individuais, dixitalizar tanto a comercialización como a visibilización en mercados emisores nacionais e internacionais con potencial turístico para Galicia e ofrecer información actualizada e accesible para reducir a oferta que opera ilegalmente.

**Cuarto.-** As Vivendas de Uso Turístico en Galicia, representadas colectivamente por AVITURGA, son unha das opcións aloxativas máis demandadas polos visitantes da nosa Comunidade Autónoma. Suman máis de 26.000 VUTs e ofertan case 140.000 prazas de pernoctación; e eso supón un crecemento gradual derivado da demanda deste modelo aloxativo complementario e compatible coas outras moitas opcións que oferta o sector en Galicia. Por elo, e desde a perspectiva das persoas propietarias das VUTS que imprimen ás súas vivendas unha identidade propia coa premisa da calidade como eixo, AVITURGA desenvolverá unha campaña de promoción turística de Galicia como destino de calidade tanto en redes sociais como en medios a través dun Plan de Comunicación que terá o dobre obxectivo de promocionar as VUTS ligándoas aos xeodestinos nos que se encontran.



AVITURGA continuará coa organización de accións de formación que impulsen a excelencia de Galicia como destino e que faciliten ofrecer unha atención profesional ao turista que nos visita xa que os propietarios, en tanto que anfitrións son, en moitas ocasións, o único contacto que estes teñen para obter información da oferta turística na contorna da vivenda de uso turístico. Para acadar o obxectivo de impartir formación aos propietarios Aviturga conta cunha plataforma propia, [www.escueladeanfitriones.es](http://www.escueladeanfitriones.es), ferramenta ideal para chegar a toda a nosa xeografía, que permite deseñar accións formativas de interese común do colectivo como pode ser a comercialización, a dixitalización, a fiscalidade ou a posta en valor das súas propiedades pero, tamén, formacións específicas adaptadas as diferentes áreas turísticas como pode ser o coñecemento do territorio, dos monumentos, da oferta cultural, da gastronomía, dos nosos recursos naturais e urbanos e todo tipo de actividades de interese que permitan ao propietario mellorar a experiencia dos turistas que aloxa temporalmente na súa propiedade. O programa formativo que prevemos organizar consistirá en webinars impartidos por profesionais con experiencia contrastada nos seus ámbitos para un número reducido de propietarios, de modo que resulte unha actividade interactiva e participativa, buscando que a formación teórica teña aplicabilidade práctica na profesionalización dos propietarios.

**Quinto.-** A sincronización a través da empresa Partee nun único envío por parte do propietario dunha VUT da transmisión da identidade dos hóspedes á Policía Nacional ou Garda Civil (parte de viaxeiros) cos datos de ocupación a TURESPAZO foi todo un éxito. Esta iniciativa pioneira abreu a posibilidade de que os diferentes channels e aplicacións se sumarán a unha sincronización que xa está en marcha toda vez que Turespazo ten xa habilitado un "token" que facilita a conexión para o intercambio de datos entre plataformas.

Este proceso de sincronización irá acompañado das correspondentes sesións de formación a cargo de Aviturga para facilitar aos usuarios das diferentes aplicacións especializadas en transmisión dos partes de viaxeiros se familiaricen co cambio e sincronicen o servizo. Legaliciate incluírá unha guía detallada co contido desta formación para que poida ser consultada de xeito permanente.

Este proceso formativo irá acompañado dunha campaña de promoción en redes recordando sistematicamente aos propietarios de VUTs a súa obriga de cumprir con este requisito para enriquecer as estadísticas de ocupación e de pernoctacións en Galicia.



En xuño do 2019 lanzouse [legaliciate.gal](http://legaliciate.gal), unha plataforma web na que se explica de forma simple e intuitiva en 4 pasos como dar de alta unha Vivenda de Uso Turístico en Galicia e se informa das consecuencias e sancións de comercialización ilegal. A web necesita unha actualización informativa para que as persoas interesadas en novas altas coñezan as restricións impostas nalgúns concellos galegos.

Prantéxase a organización do I Congreso de Vivendas de Uso Turístico de Galicia como foro de debate e visibilización do potencial turístico da nosa comunidade autónoma respecto deste tipo de aloxamento turístico, contando coa participación de todos os axentes activos neste sector de actividade turística, dende as empresas que prestan servizos aos propietarios como, as Administracións Públicas que promocionan Galicia como destino turístico e os propios propietarios, xestores de vivendas, etc.

Así mesmo, non existen moitos datos oficiais de ocupación ou do perfil do hóspede por estar xestionadas na meirande parte por persoas físicas, sendo importante contar con datos, informes e estudos que cuantifiquen o seu impacto económico e social nas distintas áreas turísticas de Galicia e poder planificar accións de promoción turística e aplicar os recursos turísticos con eficiencia. Proponse establecer unha colaboración público-privada cunha institución educativa para elaborar un estudo de impacto socioeconómico das vivendas de uso turístico tanto no ámbito urbano como no rural, como proxecto piloto dun estudo máis amplo de impacto socioeconómico no conxunto da economía galega.

**Sexto.-** Que o obxectivo do presente convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e AVITURGA para promocionar Galicia como destino turístico, a formación de anfitrións, o acordo de integración de diferentes channels/turespazo, actualización da web [Legaliciate.gal](http://Legaliciate.gal), a organización dun congreso de VUTS en Galicia así como un estudo de impacto socioeconómico.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á consolidación do sector turístico. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto, dada a súa representatividade do sector de vivendas de uso turístico na nosa comunidade autónoma.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e AVITURGA para promocionar Galicia como destino turístico, a formación de anfitrións, o acordo de integración de diferentes channels/turespazo, actualización da web Legaliciate.gal, a organización dun congreso de VUTS en Galicia así como un estudo de impacto socioeconómico.

### Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 91.000,00 € (IVE incluído), co seguinte detalle:

<b>Promoción de Galicia como destino turístico</b>	
Organización de xornadas presenciais para fomentar a calidade na oferta turística, o coñecemento do destino ou a diferenciación das VUTs nas áreas turísticas de Galicia e promoción do modelo aloxativo en vivendas de uso turístico	25.000,00€
<b>Accións de formación e profesionalización dos propietarios</b>	
Organización de xornadas formativas a través de webinars utilizando a plataforma de teleformación <a href="http://www.escueladeanfitriones.es">www.escueladeanfitriones.es</a> sobre competencias dixitais, profesionalización da xestión, fiscalidade, promoción do destino e novidades normativas estatais entre outras	11.000,00€



<b>Acordo integración de Channels con Turespazo</b>	
Contacto, promoción e coordinación da posta en marcha dunha sincronización de todos os channels e aplicación dixitais de rexistro de viaxeiros que operan en Galicia para impulsar o envío único por parte do propietario dunha VUT da transmisión da identidade dos hóspedes á SES HOSPEDAXES do Ministerio de Interior cos datos de ocupación a TURESPAZO utilizando o "token" habilitado por Turespazo que facilita a conexión para intercambio de datos entre plataformas	10.000,00€
<b>Actualizacións da Web Legaliciate.gal</b>	
Actualización dos requisitos para rexistrar una VUT en Galicia incluíndo as novas regulacións municipais e nova normativa estatal. Organización de xornadas de fomento da regularización para evitar que operen VUTs sen estar de alta no REAT. Servizo de asesoramento telefónico, telemático e presencial no proceso de regularización.	15.000,00€
<b>I Congreso de Vivendas de Uso Turístico en Galicia</b>	
Celebración dun Congreso coa mirada posta no futuro, nas novas tendencias e unha visión estratéxica deste segmento en canto a proxección de crecemento, análise do estado de profesionalización, estudos de mercados de comercialización online e posta en común de casos de éxito.	<b>20.000,00€</b>
<b>Estudo de Impacto Socioeconómico</b>	
Colaboración público-privada cunha institución educativa para elaborar un estudo de impacto socioeconómico das vivendas de uso turístico tanto no ámbito urbano como no rural, como proxecto piloto dun estudo máis amplo de impacto socioeconómico no conxunto da economía galega.	<b>10.000,00€</b>
<b>TOTAL FINAL</b>	<b>91.000,00 €</b>

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan no cadro anterior cunha achega de 70.000 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, sen que AVITURGA obteña beneficio ou lucro coa citada achega.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado previsto na presente cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e se compensen entre elas, sen prexuízo das correspondentes adaptacións no expediente de gasto, suxeitas á dispoñibilidade orzamentaria.



### Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

### Cuarto.- Compromisos das partes

1. AVITURGA queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta



comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

#### **Quinta.- Compatibilidade.**

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Sexta.- Inexistencia de relación laboral**



A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia. AVITURGA será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

### **Sétima.- Xustificación e pagamento**

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
  - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
  - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
  - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
  - d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Por outro lado, AVITURGA deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2 Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado para as actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, contidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegradas (ou, no seu caso, minoradas a achegas da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total das actividades.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado a partir do 1 de xaneiro de 2025**.

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2025**.



8. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

#### **Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo o disposto no artigo 63.1.Dous do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a Asociación terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

#### **Novena.- Reintegro da subvención**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.



#### **Décima.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

#### **Décimo primeira.- Subcontratación.**

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. AVITURGA será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.



Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras

#### **Décimo segunda .- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia,



cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

### **Décimo terceira.- Causas de resolución e modificación do convenio**

I. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

II. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Décimo quinta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

#### **Décimo sexta.- Protección de datos persoais**

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



En canto aos datos persoais sobre os que a Asociación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

## 2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Asociación comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

### **Décimo sétima.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por



canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo oitava.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2025**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Por AVITURGA

O director

A presidenta

José Manuel Merelles Remy

María Dulcinea Aguín Pombo

